

VERLOS COMO TERAPIA AO FINAL DO DÍA

Confésolles, confésovos: ás veces teño a sensación de ser para os demás un bicho raro só polo feito de mercar e ler libros de poesía. Dímo ata o meu libreiro de sempre, Pepe, de Couceiro, na coruñesa praza do Libro. Falo xa únicamente desa miña condición de lector agora. Frecuentar os barrios marxinais da poesía e do teatro é o que ten; más, hoxe-día. É, por descontado, un barrio sen franquicias da literatura, das que fala Juan Carlos Mestre, o novo premio nacional de poesía, pero do seu libro falarei a vinedera semana.

Agora vou facerlles outra confesión, máis íntima: este libro de Luís Valle, *A Caída*, acostumo a abrilo ultimamente ao me deitar, na madrugada; ábroo por calquera páxina e gozo coa esencialidade deses versos breves con ima-

**Confésolles,
confésovos: ás
veces teño a
sensación de
ser para os
demás un
bicho raro só
polo feito de
mercar e ler
libros de poesía**

xes, nada máis, e despois déixoo para a noite seguinte ou calquera outra noite. Xa ven, bicho raro. Antigalla. Pero un non é unha antigalla por ler poesía; éo por ler segundo que tipo de poesía ou de narrativa ou segundo que música ou canción.

En fin, acaso lles pareza que só podería haber unha cousa más estraña áinda que ler poesía, e é facelo de madrugada na cama despois dunha xornada longa de más no xornal.

É un pracer nese cansazo último do día abrir o libro por calquera páxina como digo, como me gusta a min ler e probar os libros, e gozar con esa concisión e esa naturalidade dos versos pequenos de Luís Valle, brillantes e fugaces coma relampos pero de luz na madrugada.

Miguel Sande

Luis Valle

A caída



POESÍA

«A Caída»

Luís Valle. Edita PEN Clube de Galicia. 183 páxinas. VII Premio CaixaNova de Poesía. ***